

Persoal das contratas do Concello de Vigo traslada as reivindicacións ao pleno



[1]

Un grupo de traballadores de distintas concesionarias do Concello de Vigo trasladou ao pleno do 28 de novembro as protestas contra a intención do Goberno local de introducir recortes nos servizos municipais. O alcalde non permitiu que unha representación da CIG-Servizos tomase a palabra para preguntar pola redución dun 10% no canon que o Concello paga ás empresas, medida que podería implicar a perda de 180 postos e un deterioro ostensible da calidade dos servizos.

28/11/11.

Persoal de concesionarias municipais como Linorsa, Cespa ou FCC aproveitou o pleno para facer visíbeis os conflitos laborais abertos co Goberno local. Nesta ocasión o rexedor vigués optou por non suspender a sesión, a pesar das protestas do colectivo de traballadores.

A decisión de acudir ao pleno foi adoptada na última xuntanza que mantiveron os delegados e delegadas da CIG-Servizos nas distintas contratas.

Novas relacionadas: [Proseguen as protestas dos empregados da recollida do lixo de Vigo contra a perda de postos](#) [2]

[O persoal da recollida do lixo de Vigo mobilizárase contra o despedimento de 180 compañeiros](#) [3]

Ligazóns:

[1] <http://www.cigservizos.org/node>

[2] <http://www.cigservizos.org/nova/2011.11.18/proseguen-protestas-dos-emplegados-da-recollida-do-lixo-de-vigo-contra-perda-de-post>

[3] <http://www.cigservizos.org/nova/2011.11.10/o-persoal-da-recollida-do-lixo-de-vigo-mobilizase-contra-o-despedimento-de-180-com>